



Rosalía de Castro (foto: Luis Seliier) e Ruth Matilda Anderson, en Oseira, en 1925

Ruth Matilda Anderson (Nebraska, 1893-Nova York, 1983) foi unha investigadora e fotógrafa de *The Hispanic Society of America* que, entre 1924 e 1926, converteu Galicia na súa prioridade. No seu libro, *Gallegan Provinces of Spain. Pontevedra and La Coruña* (1939), dá conta do resultado de case vinte e catro meses de investigación de campo e de dous anos de preparación previa.

Ruth Matilda Anderson foi unha pioneira dentro e fóra de Galicia. Porén, tanto ela coma o seu traballo ficaron ausentes da nosa memoria ata tempos ben recentes, cando se comezou a recuperar a súa figura, aínda que tan só na súa faceta como fotógrafa.

Por que ficou silenciada Ruth Matilda no seu tempo e recoñecida, pero con condicionantes, na actualidade? Será porque, quizais, nos confronta cunha realidade oposta á que o canon intelectual promocionara? Ou porque, quizais, a súa investigación desafiaba o relato dominante, reivindicaba a presenza e a voz das mulleres galegas e deixa patente, ademais, a deturpación das dúas grandes escritoras galegas do século XIX: Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán?

A investigadora **Alba Rodríguez Saavedra** analiza como a autora estadounidense se achegou ao país e o explicou mediante os versos de **Rosalía de Castro** e aborda, desde unha perspectiva feminista, o labor da fotógrafa para comprender e coñecer Galicia e a muller galega a través dos textos da poeta.

FALADOIRO

***Ruth Matilda Anderson,
pioneira da tradución de Rosalía de
Castro ao inglés***

Alba Rodríguez Saavedra
tradutora e editora en Afundación e
investigadora na UVigo

Mércores, 1 marzo 2023
ás 19:00